

Convocatoria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade para o día 20 de maio de 2021

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, debe realizar sesión ordinaria os xoves da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade en sesión **ordinaria**, para o **día 20 de maio de 2021**, ás 18.00 horas, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2021/30Y/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de abril de 2021.

2. 2021/6132Y PRESIDENCIA

Ratificación da decisión de iniciar o expediente de outorgamento da Medalla de Ouro da Provincia de Ourense a don José Paz Rodríguez.

3. 2020/18244K PRESIDENCIA

Outorgamento, a título póstumo, da distinción honorífica de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao cineasta José Luis Cuerda Martínez.

4. 2021/6450W NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do BNG en defensa da Universidade Pública Galega.

5. 2021/6324Z NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista para solicitar a celebración das Letras Galegas de 2022 en honra a Florencio Delgado Gurriarán.

6. MOCIÓN DE URXENCIA.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.